



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

ayuntamiento@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tlfnos. 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax. 986 554 069

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE VILANOVA DE AROUSA CELEBRADA O DÍA 12 DE DECEMBRO DE 2012.

ASISTENTES

Alcalde: Gonzalo Durán Hermida

Concelleiros/as:

Partido Popular (P.P): Julio Varela Núñez;; Áurea Bermúdez Oubiña; Ana María Carballa Magariños; José Luis Novo Galbán; Manuel Sineiro Cores; Dorinda Rosa Pérez González; Nuria Morgade Pouso; Alejandro Costa Piñeiro; Benito Portas Blanco; José Portas Núñez e D^a María Rosa Rodríguez Lago.

PSdeG-PSOE: María José Vales Martínez; e José Luis Tourís Oubiña. Non compareceu D^a María Ángeles Pérez Piñeiro.

BNG: María do Carme Alfonso Leiro. Non compareceu D. Juan Luis Nogueira Moure.

Secretario Xeral: Javier Bouzada Romero.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, sendo as 13,00 horas do día 12 de decembro de 2012, previa convocatoria, reúnen-se en primeira convocatoria os señores/as concelleiros/as integrantes do Pleno da Corporación relacionados co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno da Corporación.

Antes de dar comezo a sesión o Sr. Alcalde trasladou ao Pleno a noticia de falecemento esta mesma mañá do Xuíz de Paz titular D. PABLO VENTOSO GARCÍA, que viña desenvolvendo o cargo desde fai moitos anos. O Pleno da Corporación acorda por unanimidade expresar o seu sentimento de pesar a súa familia.

Na sesión tratáronse os seguintes asuntos:

1º.- XUSTIFICACIÓN E RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.- Polo Sr. Alcalde se procede a explicar a urxencia do asunto a tratar no seguinte punto do orde do día, ratificándose a dita urxencia por unanimidade de todos os concelleiros.



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

ayuntamiento@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tlfnos. 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax. 986 554 069

2º.- APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 15 DAS NORMAS SUBSIDIARIAS E COMPLEMENTARIAS DE PLANEAMENTO VIXENTES NO CONCELLO, CON REFERENCIA AO LUGAR DE CURRÁS-CALEIRO.- Trala lectura da correspondente proposta da Alcaldía, interveu en primeiro lugar a concelleira do BNG D^a M^a do Carme Alfonso Leiro quen manifestou que os erros cometidos polo concello no ano 1997 están a provocar que haxa que recorrer a este tipo de modificacións puntuais a instancia dos veciños manifestando que debería ser o concello quen as tramitase de oficio, engadindo que resulta urxente a probación do PXOM.

Polo PSdeG-PSOE D. José Luis Tourís Oubiña manifesta que o seu grupo está de acordo coa proposta da alcaldía e votará afirmativamente.

Por último, o Sr. Alcalde manifesta que a voceira do BNG errada na súa apreciación. O erro non veu das NN.SS. do concello do ano 1997, senón que, trala aprobación da Lei de Costas no ano 1988, os núcleos de As Sinas e de Currás, non foron cualificados como urbano e industrial, respectivamente e que, desde entón, todos os intentos do concello por subsanar este asunto foron rexeitados polos organismo competentes. Agora a Xunta de Galicia abriu unha posibilidade e por iso se tramita esta modificación. Remata a súa intervención dicindo que o concello non iniciará a tramitación dun novo PXOM namentres non estean aprobadas as reformas da Lei de Costas e da LOUGA anunciadas polo goberno do estado e polo da Xunta de Galicia.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade, polo que o Pleno, acorda:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a Modificación Puntual nº 15 das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Vilanova de Arousa.

Segundo.- Nos termos previstos no artigo 85.7 da Lei 9/2002, LOUGA, na redacción dada ao dito precepto pola Lei 2/2010, do 25 de marzo, acordase someter o expediente completo, debidamente dilixenciado, ao órgano autonómico competente para outorgar á aprobación definitiva remitindo o mesmo, a estes efectos, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia.

ASUNTOS DECLARADOS URXENTES.-

De seguido, previa xustificación polo Sr. Alcalde, o Pleno, por unanimidade, declarou a urxencia dos asuntos que de seguido se trataron e que non estaban incluídos no orde do día da sesión:



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

ayuntamiento@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tlfnos. 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax. 986 554 069

3º.- ESCRITO DE 3.709 VECIÑOS SOBRE O PECHE DA FARMACIA CANABAL.- Polo Sr. Alcalde dáse conta do escrito dun escrito dos catro traballadores da Farmacia Canabal, sita na rúa Agustín Jambrina nº 2 de Vilanova, que ven acompañado de 3.709 sinaturas de veciños posicionándose sobre o inminente peche da botica por extinción de licenza tras máis de 150 anos aberta ao público

A Corporación, por unanimidade, acorda adherirse á petición dos traballadores da Farmacia Canabal e dos 3.709 veciños e remitir o asunto á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, como órgano competente para tramitar e resolver o asunto, para que adopte a resolución que proceda dentro do marco legal vixente.

4º.- SOLICITUDE DE DESAFECTACIÓN DE PARCELAS SUXEITAS Á CONCESIÓN ADMINISTRATIVA UBICADAS ENTRE PUNTA DO CASTRO E O PEIRÁN .- Polo Secretario Xeral dáse lectura ao escrito da Xefatura do Servizo Provincial de Costas do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente instando a adopción dun acordo municipal solicitando a desafectación de parcelas relativas á concesión administrativa, ubicadas entre Punta do Castro e O Peirán, neste termino municipal, con destino a edificacións e equipamentos públicos.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade, ACORDA:

Primeiro.- O concello de Vilanova de Arousa certifica que uso actual dos 21.342 metros cadrados do terreo comprendido entre Punta do Castro e O Peirán que foron outorgados inicialmente en concesión a este concello mediante Orden Ministerial de 29 de xuño de 1978, consiste en equipamentos públicos de utilidade pública e interese social, comprometéndose expresamente a Corporación a manter o dito uso unha vez que, producida a desafectación solicitada, sexan cedidos gratuitamente ao concello.

Segundo.- Igualmente, o concello de Vilanova de Arousa certifica que uso actual dos 2.758 metros cadrados do terreo que foron outorgados en concesión a este concello mediante Orden Ministerial de 30 de agosto de 1941 (Expediente C-475-PONT.), con destino a "Grupos Escolares y Viviendas de los Maestros) consiste en equipamentos públicos de utilidade pública e interese social, solicitando a súa desafectación e comprometéndose expresamente a Corporación a manter o dito uso unha vez que, producida a desafectación solicitada, sexan cedidos gratuitamente ao concello.



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

ayuntamiento@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tlfnos. 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax. 986 554 069

Terceiro.- Remitir certificación do presente acordo á Xefatura do Servizo Provincial de Costas do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

E non habendo máis asuntos de que tratar polo Sr. Alcalde se levantou a sesión sendo as 13,20 horas, do que se estende o presente acta da que como Secretario Xeral certifico e dou fe.